

<https://info.nodo50.org/GalizaContrainfo-precisa-de-ti.html>



# GalizaContrainfo precisa de ti

- Noticias - Noticias Destacadas -



Fecha de publicación en línea: SÁbado 30 de junio de 2012

---

Copyright © Nodo50 - Todos derechos reservados

---

**Campaña de recollida de fondos na rede. Corenta días para visibilizar e apoiar a necesidade da contrainformación en Galiza. GalizaContrainfo traballamos no campo do video e o fotoactivismo. Damos cobertura e visibilizamos realidades que os medios silencian ou distorsionan.**

O venres 29 de xuño, pouco despois das nove e media da mañá comezou a campaña de recollida de fondos na rede, "crowdfunding", na plataforma Verkami\*, para apoiar economicamente o proxecto de comunicación e información alternativa Galiza Contrainfo.

A partir de esa mañá fican corenta días para chegar o obxectivo fixado de 1.000 euros, que serán **destinados a pagar as multas impostas pola Subdelegación de Goberno de Pontevedra cando estas video e fotoactivistas estaban a realizar o seu labor informativo, así como os gastos de mantemento da web** <http://www.galizacontrainfo.org> onde se pode atopar todo o material realizado por este colectivo, así como videos doutros colectivos, videoclips, curtas ou documentais de creadoras e creadores galegos.

A páxina na que podedes colaborar economicamente é <http://www.verkami.com/projects/2329-apoia-a-galizacontrainfo>.

Nesta web poderase seguir un blogue, no que se irán presentando as "recompensas" que recibirá aquela persoa que colabore co proxecto: libros, cd's, documentarios, postais, láminas, galicola, vales en tendas ou camisolas moi orixinais.

A continuación vai a información que explica máis polo miúdo este proxecto:

Galiza Contrainfo somos un grupo de persoas que desde hai uns anos traballamos no campo do vídeo e foto-activismo. Formamos este colectivo para dar cobertura e difusión a aquelas realidades que os medios de comunicación empresariais silencian ou distorsionan. Cremos na necesidade de crear espazos de comunicación alternativa que acompañen aos movementos sociais do país (ecoloxismo, lingua, traballo, liberdade sexual, feminismo, migrantes, dereitos nacionais, etc.), apropiándonos das ferramentas ao noso alcance.

Conformamos unha iniciativa independente, non comercial e autoxerida. Difundimos a nosa produción audiovisual e fotográfica na rede, na páxina [galizacontrainfo.org](http://galizacontrainfo.org), baixo unha licenza copyleft que permite a re-utilización das nosas imaxes en obras derivadas sempre que estas teñan un uso non comercial. Defendemos as licenzas libres como alternativa ao caduco modelo de propiedade intelectual que apoian as industrias culturais.

## Por que a financiación colectiva?

Na actualidade o noso proxecto ten un problema de sustentabilidade económica, pois entre os gastos de aloxamento da páxina e as multas que a Subdelegación do Goberno de Pontevedra puxo a catro das nosas compañeiras por cubrir manifestacións, levamos meses arrastrando unha débeda importante. Precisamos a vosa axuda e colaboración para continuar a estar presentes, para continuar co noso proxecto na rede e mellorar.

Por iso solicitamos o apoio das que estemedes Galiza Contrainfo como unha peza necesaria na construción dun espazo comunicativo galego que fuxa da información como espectáculo e do coñecemento como mercadoría.

# Unha viaxe de ida e volta e apoio mútuo

Para levar adiante este proxecto de solidariedade e recoller o voso apoio contamos coa colaboración de colectivos sociais (Andaina, CS A Revolta, CUT, Galicola, Marcha Mundial das Mulleres), medios de comunicación (Galizalivre, Novas da Galiza) autoras/es e creadoras/es do mundo audiovisual, literario e teatral (A porta verde do sétimo andar, Alberte Momán, Andrea Núnes Brions, Begoña Caamaño, Berrobambán, Jose Manuel Nunes Vilar, Kiko Neves, Maria Lado, Mario Regueira, Marcos Nine, Rosa Enríquez, Sechu Sende, Sonia Daponte, Xosé Bocixa) e do mundo da música (Arenga, Ataque Escampe, Dandy Fever, Dakidarría, Keltoi, Kop, Marful, Nao, Propaganda pel fet, Roger de Flor, Skárnio, Zénzar), e de pequenos negocios de amigos (Bar Irmandinhos 13, D'Esguello, Minimarket24h, Sacauntos cooperativa gráfica), que nos cederon material, os seus produtos ou creacións para que esta sexa unha viaxe de ida e volta e apoio mútuo.

Para máis información: <http://www.galizacontrainfo.org/> e [gzcontrainfo@gmail.com](mailto:gzcontrainfo@gmail.com)

**O 29 de xuño ás nove da mañá comezamos coa campaña de recollida de fondos en Verkami: atent@s!**

<http://www.galizacontrainfo.org/o-29-de-xu%C3%B1o-%C3%A1s-nove-da-mañ%C3%B1a-comezamos-coa-campa%C3%B1a-de-recollida-de-fondos-en-verkami-atents>